

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

DECRETO 107/2023, do 22 de xuño, polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Mirallos, no concello da Peroxa (Ourense).

Mediante o Acordo do 25 de maio de 2023, da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (CVE c8R4x82VGOa0), iniciouse o procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Mirallos, no concello da Peroxa (Ourense). O polígono agroforestal de Mirallos está nos supostos de zonas preferentes para os polígonos de iniciativa pública regulados no artigo 70, que, de acordo co artigo 83.3, habilita a persoa titular da consellería competente en materia de medio rural para elevar ao Consello da Xunta de Galicia a declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestal inmediatamente despois da aprobación do acordo de inicio.

A persoa titular da Dirección Xeral da Agader formulou a proposta prevista nos artigos 83.3 e 85.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería do Medio Rural e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres,

DISPOÑO:**Artigo 1. *Declaración de utilidade pública e interese social***

Declarar de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Mirallos, no concello da Peroxa (Ourense).

Artigo 2. *Delimitación do perímetro do polígono agroforestal*

O perímetro do polígono agroforestal é o que figura no documento con código de verificación electrónica (CVE Z2XsG7mInc77), verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>, sen prexuízo da súa posible modificación segundo o disposto no artigo 85.2.a) da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.



Artigo 3. *Autorizacións*

Autorizar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a redacción do proxecto básico do polígono agroforestal co contido previsto no artigo 86 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Autorizar a consellería con competencias en medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a execución dos procedementos de investigación da titularidade na forma prevista nos artigos 90 e 19 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Autorizar o órgano territorial competente en materia de medio rural onde radiquen os predios e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a execución dos procedementos de declaración de abandono na forma establecida no título IV, capítulo I da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Autorizar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a execución dos procedementos de reestruturación da propiedade na forma prevista no artigo 93 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Artigo 4. *Interese público*

A declaración de utilidade pública e interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento e aos informes ambientais e sectoriais polos órganos autonómicos e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o establecido polos artigos 83.4 e 85.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Artigo 5. *Permutas de especial interese agrario*

A declaración de utilidade pública e interese social implica darlles o carácter de especial interese agrario ás permutas de predios que se leven a cabo no polígono agroforestal, conforme o establecido polo artigo 62.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.



Disposición derradeira primeira. *Eficacia*

Este decreto producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: jfala0s3-8is0-0iw4-fcb3-e4vdbxlc8uw2

